



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 26 DE MARZO DE 2024

Ás 12:00 horas do día 26 de marzo de 2024, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 21 de marzo de 2024, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Dolores Hernández Vidal, suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos
D. José Angel Otero Lamas, xefe de área de Investimentos
D. Antonio Vivero Mijares, xefe da Área de Seguridade e Mobilidade (asiste ao punto 11a)
D^a. Luz María González Domínguez, xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía (asiste ao punto 11b)

Secretaria: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

11. Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación da xestión da mobilidade no Concello de Vigo mediante sinalización vertical e horizontal (132837-210)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a API MOVILIDAD, S.A. en 11 de marzo de 2024. Este presenta a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional e dos medios



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 08:25	Páxina 1 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AD48-EHB639-5EBH4D-H479SG-ZJ3C1R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

persoais, así como, o resguardo da garantía definitiva e os anexos IV e V do PCAP. Figura, asemade, no expediente o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (onde figuran os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT e ATRIGA), así como o certificado de estar ao corrente coa Seguridade Social e o certificado positivo de débedas tributarias do Concello de Vigo. Finalmente, o expediente conta co informe do xefe da Área de de Seguridade e Mobilidade, de data 21 de marzo de 2024, de aclaración da acreditación dos medios persoais.

En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da xestión da mobilidade no Concello de Vigo mediante sinalización vertical e horizontal (132837-210)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 10 de novembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º.- Aprobar o expediente de contratación para a nova licitación do servizo de xestión da mobilidade de vehículos e persoas mediante a sinalización viaria na cidade de Vigo, tramitado co número 132.837/210, en réxime de contrato de servizos suxeito a regulación harmonizada, integrado polos seguintes documentos:

- *Orde de inicio de 27 de marzo de 2023*
- *Certificacións da existencia de crédito adecuado e suficiente (RC, RCFUT) asinados o 25 de agosto de 2023.*
- *Memoria económica do contrato asinada o 25 de setembro de 2023.*
- *Prego de Prescricións Técnicas asinado o 17 de outubro de 2023.*
- *Memoria xustificativa do contrato asinada o 20 de outubro de 2023.*
- *Declaración de neutralidade na redacción do Prego de Prescricións Técnicas asinada o 17 de outubro de 2023.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 08:25	Páxina 2 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AD48-EHB639-5EBH4D-H479SG-ZJ3C1R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



– Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado o 31 de outubro de 2023.

2º.- Autorizar o gasto necesario para a aprobación do expediente de carácter plurianual cunha duración de cinco anualidades (art. 174 do TRLRFL, RDL 2/04), a licitación e conseguinte adxudicación do contrato con cargo á aplicación orzamentaria 1330 2279902 por un importe máximo de 4.500.000 € (IVE excluído) para a enteira duración do mesmo e segundo o seguinte desglose por anualidades prevista expresamente nos pregos que se aproban (IVE incluído):

ANO 2023: 85.000€

ANO 2024: 900.000 €

ANO 2025: 900.000 €

ANO 2026: 900.000 €

ANO 2027: 900.000 €

ANO 2028: 815.000 €

3º.- Dispoñer, en consecuencia, a apertura do período de licitación polas normas do procedemento aberto, con tramitación ordinaria e suxeito ao recurso especial en materia de contratación previsto no art. 44 e seguintes da LCSP."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 11 de marzo de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da xestión da mobilidade no Concello de Vigo mediante sinalización vertical e horizontal (132837-210) na seguinte orde descendente:

	LICITADOR	PUNTUACIÓN GLOBAL
1	API MOVILIDAD, S.A.	95,23
2	ACEINSA MOVILIDAD ,S.A.	83,65
3	SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.	81,24
4	TEVASEÑAL, S.A.	74,34
5	DIEZ Y COMPAÑIA, S.A.	69,27
6	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	59,32
7	PROSEÑAL, S.L.U.	53,78

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, API MOVILIDAD, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, API MOVILIDAD, S.A., o día 11 de marzo de 2024, que presenta a documentación requirida o 19 de marzo de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figura a constitución da sociedade, a declaración de non estar incursos en prohibición de contratar, a clasificación da empresa e os certificados positivos de débedas da TGSS, AEAT e ATRIGA.
- A escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (630.000,00 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa/obligatoria (Grupo O, Subgrupo 2, Categoría 4) presentan a clasificación Grupo O - Subgrupo 2 - Categoría 5.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (630.000,00 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa/obligatoria (Grupo O, Subgrupo 2, Categoría 4) presentan a clasificación Grupo O - Subgrupo 2 - Categoría 5.
- Acreditación dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.
- Seguro de caución por un importe cada un de 185.950,41 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente os correspondentes documentos da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais da documentación anterior, figuran no expediente, por un lado, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA e, por outro, o informe do xefe da Área de de Seguridade e Mobilidade, de data 21 de marzo de 2024, de aclaración da acreditación dos medios persoais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 08:25	Páxina 4 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AD48-EHB639-5EBH4D-H479SG-ZJ3C1R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 26 de marzo de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar API MOVILIDAD, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por API MOVILIDAD, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 29 de febreiro de 2024 e 4 de marzo de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a API MOVILIDAD, S.A. o procedemento aberto para a contratación da xestión da mobilidade no Concello de Vigo mediante sinalización vertical e horizontal (132837-210) coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 4.500.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 780.991,74 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 08:25	Páxina 5 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AD48-EHB639-5EBH4D-H479SG-ZJ3C1R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- b) *Propón unha baixa proporcional única do 17 % a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- c) *Propón un incremento do 15 % da retención mensual na facturación (7,5%), ata un máximo do 15%, en función dos indicadores de nivel de cumprimento da calidade do servizo.*
- d) *Propón un investimento dun 11 % en investigación e desenvolvemento (I+D) e innovación para mellorar a prestación do servizo (mínimo do 2% da anualidade do contrato).*
- e) *Propón como mellora a achega dun vehículo eléctrico, tipo turismo lixeiro, para uso do persoal responsable da xestión do contrato.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a EUROCEBRIAN, S.L. (Lote 1) e CARLOS FERNÁNDEZ POL (Lote 2) en 8 de marzo de 2024. Estes presentan a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional, o resguardo da garantía definitiva e os anexos IV e V do PCAP. Asemade, figuran no expediente os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (coa AEAT, Concello de Vigo e ATRIGA (de CARLOS FERNÁNDEZ POL, xa que EUROCEBRIÁN, S.L. non está inscrita) e coa Seguridade Social.

En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 08:25	Páxina 6 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AD48-EHB639-5EBH4D-H479SG-ZJ3C1R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 12 de xaneiro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (expediente 19840-101) que contén o prego de prescricións técnicas particulares asinado con data 13 de decembro de 2023 pola Xefa do departamento administrativo da Alcaldía, e o prego de prescricións administrativas particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e mais pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 29 de decembro de 2024 asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Segundo.- Autorizar un gasto total por importe de 14.321,88 € ive engadido, sendo o importe correspondente ao 21% de ive de 2.485,61 €, que se tramitará como gasto anticipado con cargo á aplicación 912.0.226.01.00 (Gastos órganos de goberno) da Alcaldía para os exercicios 2024 e 2025.

Sendo os importes de cada un dos cinco lotes os seguintes:

- *LOTE 1: 5.940,24 (ive incluído); prezo unitario/placa: 99,00 € (ive incluído).*
- *LOTE 2: 2.608,80 € (ive incluído); prezos unitarios a): prezo unitario figura tamaño grande: 79,71 € (ive incluído) e b): prezo unitario figura tamaño pequeno: 50,72 € (ive incluído)*
- *LOTE 3: 3.043,61 € (ive incluído); prezo unitario por placa en bronce 1.014,53 € (ive incluído).*
- *LOTE 4: 990,03 € (ive incluído); prezo unitario por placa conmemorativa 99,00 € (ive incluído).*
- *LOTE 5: 1.739,20 (ive incluído); sendo o prezo unitario por metopa: 43,47 € (ive incluído).*

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 8 de marzo de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 7 de marzo de 2024 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por EUROCEBRIAN, S.L. neste procedemento.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro



de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101) na seguinte orde descendente:

- LOTE 1

	Empresas licitadoras	Total de puntos
1	EUROCEBRIAN, S.L.	100,00
2	CARLOS FERNÁNDEZ POL	51,46

- LOTE 2

	Empresas licitadoras	Total de puntos
1	CARLOS FERNÁNDEZ POL	100,00

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, EUROCEBRIAN, S.L. (Lote 1) e CARLOS FERNÁNDEZ POL (Lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, EUROCEBRIAN, S.L. (Lote 1) e CARLOS FERNÁNDEZ POL (Lote 2), o día 8 de marzo de 2024, que presenta a documentación requirida os días 14, 21 e 22 de marzo, EUROCEBRIAN, S.L. (Lote 1), e o día 16 de marzo de 2024, CARLOS FERNÁNDEZ POL (Lote 2), dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- EUROCEBRIAN, S.L. (Lote 1)

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da empresa, o nomeamento do apoderado e a declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (4.158,17 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 08:25	Páxina 8 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AD48-EHB639-5EBH4D-H479SG-ZJ3C1R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (4.158,17 €), presentan certificado de boa execución no que o importe do ano 2022 supera esta cantidade.
- Solicitud de retención da garantía no prezo do contrato.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT e a TGSS.

- CARLOS FERNÁNDEZ POL (Lote 2)

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura a constitución da mercantil, o nomeamento do seu apoderado, os certificados positivos de débedas da TGSS, AEAT e ATRIGA.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (6.036,91 €), presentan modelo do IRPF de Actividades económicas en estimación directa do ano 2023 no que o volume de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (1.826,16 €), presentan certificado do Concello de Vigo no que o importes do ano 2022 supera esta cantidade.
- Xustificante de transferencia por un importe cada un de 107,80 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente os correspondentes documentos da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 26 de marzo de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar EUROCEBRIAN, S.L. (Lote 1) e CARLOS FERNÁNDEZ POL (Lote 2), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 08:25	Páxina 9 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AD48-EHB639-5EBH4D-H479SG-ZJ3C1R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EUROCEBRIAN, S.L. (Lote 1) e CARLOS FERNÁNDEZ POL (Lote 2), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 2 de febreiro de 2024 e 15 de febreiro de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *Adxudicar a EUROCEBRIAN, S.L. o Lote 1 do procedemento aberto para a contratación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 5.940,24 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.030,95 euros.*
 - b) *A porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP para o lote 1 é do 29,5 %.*
2. *Adxudicar a CARLOS FERNÁNDEZ POL o Lote 2 do procedemento aberto para a contratación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 2.608,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 452,76 euros.*
 - b) *A porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP para o lote 2 é do 1 %.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 08:25	Páxina 10 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AD48-EHB639-5EBH4D-H479SG-ZJ3C1R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos/as membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 08:25	Páxina 11 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AD48-EHB639-5EBH4D-H479SG-ZJ3C1R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		